

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte: Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte: Don Xesús María Vilas Otero, con DNI 35444793E, presidente da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia (en adiante POIG), con NIF G70556360, actuando en nome e representación dela, segundo o acordo adoptado pola Asemblea Xeral de dita asociación o día 11 de abril de 2018.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.

MANIFESTAN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



Segundo.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude di dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Quinto.- A POIG, que figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2018/022401, é unha Asociación de persoas xurídicas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, autónoma das súas entidades asociadas, e plena capacidade de obrar, que actúa no territorio galego, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia. Está enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia Estatal, nada no ano 1997, coa misión de axuntar esforzos entre as entidades sociais para protexer, promover e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas.

A POIG pretende ser a voz en espazos participativos das organizacións que traballan polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, de modo que esta unidade facilite a participación, decisións e realización de acordos ou accións relacionadas co benestar da infancia.



O obxectivo xeral da POIG é a protección e promoción dos Dereitos da Infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, e ten como fins específicos:

- Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial de aqueles nenos e nenas en situacións de risco individual ou social.
- Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das Institucións Públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social, e ou da opinión pública.
- Sensibilizar á sociedade para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.
- Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.
- Promover a participación e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
- Facilitar o diálogo entre organizacións de infancia de Galicia, xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social, e situando á infancia como suxeito activo de dereitos segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Coñecer a realidade da infancia na comunidade galega.
- Favorecer a coordinación entre asociacións que traballan por, para, e coa infancia.
- Formar parte e designar representantes ante a Plataforma de Organizacións da Infancia en España, así como en calquera outro organismo dos que a POIG forma parte.

Sexto: A Consellería de Política Social, que conforme co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, e a POIG, son conscientes da especial vulnerabilidade das persoas menores dada a súa inmadurez física e mental, e da necesidade de manter actuacións tendentes á protección e promoción dos dereitos da infancia, recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989. Para ambas partes é obxectivo prioritario, a consecución do benestar das persoas menores e consideran imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas e privadas para lograr un servizo máis eficaz na atención deste colectivo.



A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, recolle no seu artigo 38, entre os principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia, o fomento da solidariedade e a sensibilidade social ante as dificultades que afecten á infancia e á adolescencia, ao obxecto de previr a marxinação e a explotación infantil, así como calquera manifestación de abuso, acoso e maltrato físico, psíquico ou emocional, e impulsar o papel da sociedade civil na defensa dos dereitos e liberdades das e dos menores.

Do mesmo xeito, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no apartado c) do seu artigo 3 como un dos seus obxectivos específicos o de dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e aquelas outras persoas que se atopen en situación de conflito ou desamparo.

En consonancia con isto, a POIG, presenta ante a Administración autónoma un programa de actividades (recollido no Anexo II do Convenio) tendente á promoción da participación dos nenos e nenas de Galicia en todos os ámbitos da sociedade e de xeito especial no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como ao fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia.

Entre as actuacións previstas no mesmo atópase o asesoramento a entidades que traballan no eido da infancia, para fomentar a súa creación e consolidación; realización de propostas relacionadas coa defensa e mellora dos dereitos da infancia durante os procesos electorais; implementación dunha canle entre as entidades relacionadas coa infancia para poñer en coñecemento do Valedor do Pobo as vulneracións dos dereitos da infancia; asesoramento ás entidades que o soliciten, sobre a creación e posta en funcionamento de órganos de participación infantil; deseño de campañas e metodoloxías para o fomento da participación infantil; creación de estratexias e posta a disposición de recursos de participación infantil; realización de campañas de sensibilización e difusión dos dereitos da infancia; creación dunha páxina web que favoreza a comunicación e información sobre a infancia, e de redes sociais para unha mellora na difusión das novas ou dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes; realización dun taller permanente que fomente a participación infantil a través de actividades relacionadas coa comunicación e cos seus dereitos; conmemoración do 30 aniversario da Convención sobre os Dereitos do Neno a través da realización de actos conmemorativos dese día, celebración dunha conferencia e dunha exposición fotográfica; participación e colaboración na preparación dun Congreso sobre os Dereitos da Infancia.

Sétimo.- Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das



persoas menores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á proporcionada a través dos recursos das administracións públicas.

De acordo con iso, a Consellería de Política Social considera que a colaboración a través da concesión dunha subvención pública directa permite o desenvolvemento das actuacións descritas no Anexo II que cumpren, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitavo.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

Noveno.- O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características, con persoal especialización e atención en todo o territorio. Consonte o anterior estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência de ofertas xa que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na Lei de contratos do sector público (LCSP) e polo tanto xustifícase a formalización dun convenio de colaboración para a súa execución.

Décimo.- A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos Dereitos da Infancia.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do desenvolvemento do programa de actividades da POIG, recollido no Anexo II, tendente á promoción da participación dos nenos e nenas en todos os ámbitos da sociedade e de



xeito especial no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como ao fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia, e deste xeito procurar a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989.

Ditas actuacións exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA. DESTINATARIOS DO PROGRAMA

Os destinatarios das accións que forman parte do programa de actuación da POIG obxecto da subvención, serán as organizacións que traballan polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, e que formen parte da dita organización e as persoas menores que se atopen dentro do sistema de protección.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo Xeral é a protección e promoción dos Dereitos da Infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do neno de 20 de novembro de 1989.

Son obxectivos específicos:

- a. Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
- b. Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social ou da opinión pública.
- c. Sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.
- d. Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.



- e. Promocionar a participaci3n e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizaci3ns comprometidas na aplicaci3n dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
- f. Facilitar o di3logo entre organizaci3ns de infancia de Galicia xerando presenza, opini3n e participaci3n das organizaci3ns de infancia na realidade social e situando 3 infancia como suxeito activo de dereitos segundo a Convenci3n sobre os Dereitos do Neno.
- g. Dar a coñecer a realidade da infancia na Comunidade de Galicia.
- h. Favorecer a coordinaci3n entre asociaci3ns que traballan por/para e coa infancia.
- i. Formar parte e representar 3 Comunidade Aut3noma de Galicia na Plataforma de Organizaciones de Infancia de Espa3a, as3 como en calquera outro organismo que desenvolva un traballo acorde con estes obxectivos e dos que poida formar parte na s3a calidade de entidade privada representativa do sector.

CUARTA. ACTUACI3NS A DESENVOLVER.

As actuaci3ns que compense o programa corresponden:

- 1. Participaci3n infantil.
- 2. Campa3as de sensibilizaci3n e difusi3n dos dereitos da infancia.
- 3. Actividades de comunicaci3n.
- 4. Conmemoraci3n do 30 aniversario da convenci3n sobre os dereitos do neno.
- 5. Congreso sobre a infancia e adolescencia

O contido delas desenv3lvese polo miudo no Anexo II. Programa de actividades.

QUINTA. COMPROMISOS DA CONSELLER3A DE POL3TICA SOCIAL

A Conseller3a de Pol3tica Social, a trav3s da Direcci3n Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamizaci3n Demogr3fica comprom3tese a:

- Financiar as actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cl3usula oitava.





- Supervisar as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa no marco do convenio.

SEXTA. COMPROMISOS DA POIG

A POIG asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio, descritas polo miúdo no Anexo II.
- b) Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado.
- c) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, requirida pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, órgano xestor do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, todas as peticións de documentación deberán dirixirse a sede da POIG.
- g) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lendas alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e





medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado..

- i) Levar un arquivo e custodia, durante, polo menos, cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio. En particular, a POIG comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

SÉTIMA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

A POIG, porá a disposición do programa o persoal de dirección, de xestión e de actuacións necesario para garantir a calidade e mellora no desenvolvemento do convenio de colaboración.

O equipo que a POIG poña a disposición do convenio de colaboración en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a POIG a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos; obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

OITAVA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

Para a realización de actuacións obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social subvencionará á POIG con 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0 na que existe crédito axeitado e suficiente.



NOVENA. GASTOS SUBVENCIONABLES

A subvención cubrirá os gastos ocasionados, descritos no Anexo I, derivados das actuacións e actividades que se describen no Anexo II.

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período subvencionable excede do prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade, tales como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.
- d) Material de oficina non inventariable.
- e) Material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- f) Teléfono e enerxía eléctrica.
- g) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- h) Outros gastos de similar natureza.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.



DÉCIMA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento desta última, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1. O pagamento efectuarase previa presentación dos documentos xustificativos de gasto que permitan acreditar o cumprimento do obxecto do convenio.
2. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 27 de decembro de 2020. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2020.
3. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación, acreditándose este pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria.
4. O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais á conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que a POIG xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

DÉCIMO PRIMEIRA. DOCUMENTACIÓN PARA XUSTIFICAR AS AXUDAS

1. A xustificación dos libramentos parciais realizarase mediante a presentación de:
 - a. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento.
 - b. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do seu pagamento.





2. Antes de facer efectivo o 20% restante, a POIG deberá presentar a seguinte conta xustificativa:
 - a. Memoria de resultados que recolla as actuacións realizadas obxecto deste convenio.
 - b. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà os mesmos elementos descritos no apartado dedicado aos libramentos parciais e ademais estes outros:
 - Balance en que se reflicta a totalidade dos ingresos e gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio.
 - Declaración que conteña unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Declaración responsable que acredite a finalización das actividades programadas.

DÉCIMO SEGUNDA. OBTENCIÓN DOUTRAS AXUDAS

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas no presente convenio.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

DÉCIMO TERCEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:



- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola persoa titular da Consellería.
- Dous representantes da POIG e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Presidirá dita comisión o/a titular da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e adolescencia e actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2020.

DÉCIMO QUINTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REINTEGRO

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime das partes asinantes.





- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora, un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.

- d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
- e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
- f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.
2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEXTA. CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexerase tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



DÉCIMO SÉTIMA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO OITAVA. TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Como beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio, a POIG obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.



DÉCIMO NOVENA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da BDNS, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).





E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano e rubrícano, por triplicado, no lugar e na data indicados na cabeceira.

A conselleira de Política Social

O presidente da Plataforma de Organizaci3ns
de Infancia de Galicia (POIG)

Fabiola García Martínez
(asinado dixitalmente)

Xesús María Vilas Otero
(asinado dixitalmente)





ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO		
(1 xaneiro - 31 de decembro de 2020)		
CONCEPTO	GASTOS/€	
Persoal coordinador dos programas	12.600,00	
Subtotal		12.600,00
DÍA DA INFANCIA		
Material de actividades	1.800,00	
Desprazamentos	200,00	
Subtotal		2.000,00
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN		
Deseño e mantemento da web	100,00	
Material de actividades de comunicaci3n	150,00	
Subtotal		250,00
GASTOS DE ADMINISTRACIÓN		
Fotocopias	100,00	
Material de oficina	50,00	
Subtotal		150,00
TOTAL GASTOS		15.000,00



ANEXO II

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

PLATAFORMA DE ORGANIZACI3NS DE INFANCIA DE GALICIA

NO ÁMBITO DA INCIDENCIA POLÍTICA E INTERLOCUCI3N COA ADMINISTRACI3N.

Facilitar a capacidade de interlocuci3n das entidades membros ante as administraci3ns p3blicas galegas e a sociedade en xeral contribuíndo ao deseño de políticas adicadas ao benestar da infancia.

- Representaci3n do terceiro sector no Observatorio Galego de Familia e Infancia facilitando unha interlocuci3n 3nica coa administraci3n galega.
- Coordinaci3n da nosa actividade cos representantes do terceiro sector na 3rea de Familia, Infancia e Menores do Consello Galego de Benestar Social.
- Presentaci3n de propostas na 3rea de infancia, especialmente en políticas para a reduci3n da pobreza infantil en Galicia, para as administraci3ns auton3micas e os concellos no marco dos procesos electorais.
- Xornada sobre as Observaci3ns Finais aos V e VI Informe Sobre a Aplicaci3n da Convenci3n dos Dereitos do Neno e as súas implicaci3ns en Galicia.

NO ÁMBITO DA VERTEBRACI3N E COORDINACI3N DO SECTOR.

Fortalecer a vertebraci3n e traballo en rede das entidades do terceiro sector no eido da infancia en Galicia.

- Creaci3n de comisi3ns de traballo para favorecer a participaci3n das entidades membros nos 3mbitos de incidencia política e promoci3n da participaci3n infantil.
- Posta en marcha dunha secretaría técnica que apoie o desenvolvemento dos obxectivos da plataforma e a implementaci3n de novos programas e proxectos.





- Acompañamento e asesoramento ás entidades de infancia que traballan en Galicia e que pretendan a súa integración na plataforma de organización de infancia.
- Participación na Plataforma de Infancia de España representando ás entidades de Galicia e coordinando as nosas accións coas plataformas doutras comunidades.

NO ÁMBITO DA PROMOCIÓNS DOS DEREITOS E DA PARTICIPACIÓN DE NENOS E NENAS DE GALICIA.

Favorecer procesos de participación infantil como un instrumento para fomentar o respecto dos dereitos dos nenos e nenas de Galicia.

- Asesoramento a entidades na creación e implementación de programas de intervención social para a infancia.
- Programa de promoción do asociacionismo infantil.
- Impulso a creación de órganos de participación infantil en concellos.
- Campaña de sensibilización para o coñecemento dos dereitos dos nenos e nenas en Galicia en torno á conmemoración do 20 de novembro, Día Internacional dos Dereitos da Infancia.

NO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.

Establecer una estratexia de comunicación en defensa dos dereitos dos nenos e nenas de Galicia.

- Implantación dunha planificación de comunicación dixital coa creación dunha web propia e de perfís nas redes sociais centrada na difusión dos dereitos dos nenos e nenas de Galicia.
- Elaboración dun catálogo de entidades membros da plataforma e dos servizos que estas ofrecen en Galicia no eido da infancia.
- Campaña de difusión sobre a Plataforma de Infancia de Galicia para dar a coñecer as súas actividades e fomentar a súa implantación territorial na comunidade galega.
- Difusión de estudos e novas sobre a situación de infancia de Galicia
- Publicacións para difundir os dereitos da infancia entre a sociedade galega.

